



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Alcaldía

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 565 820 · F 986 511 012
CIF: P/3606000 B
alcaldia@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

SAMUEL LAGO OZÓN (1ª parte)
Alcalde
Data de Sinatura: 15/07/2022
HASH: 08b75ea10bade1e719c79e3339e0

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE CAMBADOS, MEIS, RIBADUMIA E VILAGARCÍA DE AROUSA PARA OS PROGRAMAS DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADICTIVAS DESENVOLVIDOS POLO S.P.A.D. DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

No lugar e data da firma electrónica

REUNIDOS

D. SAMUEL LAGO OZÓN, con DNI nº 53166457W, en calidade de Alcalde - Presidente, en representación do Concello de Cambados.

Dª MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, con DNI nº 76872028W, en calidade de Alcaldesa - Presidenta, en representación do Concello de Meis.

D. DAVID JOSÉ CASTRO MOUGÁN, con DNI nº 35458452L, en calidade de Alcalde - Presidente, en representación do Concello de Ribadumia.

D. ALBERTO VARELA PAZ, con DNI nº 35461107Y, en calidade de Alcalde - Presidente en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa,

EXPOÑEN

- I. Que o Servizo Preventivo Asistencial de Drogodependencias, dependente do Concello de Vilagarcía de Arousa, desenvolve un proxecto conxunto de prevención de condutas adictivas que inclúe diversos programas nos ámbitos: escolar, familiar, xuvenil de actividades transversais de soporte aos programas de prevención. Os programas poden variar en función da actualización por parte da Consellería de Sanidade da carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas.
- II. Que para a sustentabilidade do proxecto e poder executar os diversos programas preventivos é preciso que os concellos nos que se levan a cabo colaboren nos gastos que se orixinan mediante unha achega económica anual.
- III. Que os Concellos presentan solicitudes de subvención, para realizar un proxecto común, ao abeiro das convocatorias de subvencións da Consellería de Sanidade en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co que antecede, os Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa, formalizan o presente convenio para colaboración no desenvolvemento dos programas de prevención de condutas adictivas do S.P.A.D. de Vilagarcía de Arousa, conforme ás seguintes

CSV: 07E60003ED1F00Y989C0BL1T7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60003ED1F00Y989C0BL1T7 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA	
MARTA GIRALDEZ BARRAL(P36028001-CONCELLO DE MEIS) - 21/09/2022	
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 26/09/2022	
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/09/2022 13:52:38	

DOCUMENTO: 20220257311
Fecha: 26/09/2022
Hora: 13:52



Cod. Validador: K0TR6SCE4XHQKGLSSQSNKZHKF | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma Aeslonia es-Publico | Páxina 1 a 3



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento conxunto dos diversos programas incluídos no proxecto de prevención de condutas adictivas, levado a cabo por parte do SPAD de Vilagarcía de Arousa.

Segunda. Achegas económicas.

Os concellos contribuirán ao financiamento anual dos programas preventivos coas contías seguintes, no ano 2022:

- Cambados 7.150 €
- Meis 2.000 €
- Ribadumia 2.800 €
- Vilagarcía de Arousa 7.800 €

Faise constar que o Concello de Vilagarcía de Arousa ademais da achega económica citada, asume, entre outros, os seguintes gastos: gastos de mantemento da oficina (electricidade, teléfono, impresora, equipo e materiais informáticos) onde se localiza a técnica responsable da área de prevención do S.P.A.D., vehículo, gastos de locomoción, gastos de material funxible, gastos de material divulgativo -formativo e de documentación.

As cantidades citadas ingresaranse na Tesourería do Concello de Vilagarcía de Arousa, con destino ao desenvolvemento dos programas de prevención de condutas adictivas do S.P.A.D., con anterioridade ao 31 de decembro do ano en curso.

Este financiamento levarase a cabo así mesmo nos anos vindeiros, e en todo caso, ata xuño de 2025.

Segunda. Obrigas das partes.

- O S.P.A.D. levará a cabo o desenvolvemento dos seus programas nos Concellos e segundo a programación establecida polo mesmo.
- O S.P.A.D. presentará a cada Concello a programación e memoria para que teñan cofecemento das intervencións realizadas na súa área.
- Os concellos da agrupación manifestan o compromiso solidario de execución dos proxectos presentados ao agrupación nas convocatorias de subvencións da Consellería de Sanidade. Así mesmo, comprométese á aplicación solidaria das subvencións outorgadas. No caso de que algún dos concellos cause baixa na agrupación, os restantes comprométese a desenvolver o proxecto inicialmente proposto na súa área de influencia.
- Durante o período subvencionable do desenvolvemento dun proxecto, os concellos manifestan o compromiso de non disolver a agrupación en tanto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

CSV: 07E60003ED1F00Y5B9Q0I8L1T7



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60003ED1F00Y5B9Q0I8L1T7 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220267311
	MARTA GIRALOEZ BARRAL(P3602800I-CONCELLO DE MEIS) - 21/09/2022	DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 26/09/2022	Fecha: 26/09/2022
	serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/09/2022 13:52:38		Hora: 13:52



Cod. Validación: KD76SCE4XHQRCJSSQSNMZHKF | Corrección: https://cambados.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Terceira. Comisión de interpretación.

A interpretación do presente convenio e a resolución das distintas cuestións que se formulen levaranse a cabo por unha Comisión Paritaria, que se cree ao efecto, e que estará formada por un representante de cada un dos Concellos asinantes do Convenio.

Cuarta. Vixencia.

Con motivo da convocatoria de subvención da Consellería de Sanidade (orde do 21 xullo de 2022, DOG nº 153 do 11.8.2022) para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas desenvoltoas entre o 1.7.2022 e o 30.6.2025, a vixencia do presente convenio anual prorrogarase facilmente durante o período subvencionable, sempre que por calquera das partes non se renuncie expresamente se cumpra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 36 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

En proba de conformidade co contido deste convenio, todas as partes asinan o mesmo na data e lugar indicado na cabeceira.

76872028W	Firmado
	digitalmente por
MARTA	76872028W
GIRALDEZ	MARTA GIRALDEZ
(R:	(R: P3602800I)
P3602800I)	Fecha: 2022.09.21
	15:29:33 +02'00'

CSV: 07E60003ED1F00Y5B9Q0I8L1T7



Cód. Verificación: KD7E68CEX4CJEGJSS08M2Z4FE | Corrección: https://sedelectronica.gal | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xosione efpública | Páxina 3 de 3



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E60003ED1F00Y5B9Q0I8L1T7 en la Sede Electrónica de la Entidad	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20220287311
	MARTA GIRALDEZ BARRAL(P3602800I-CONCELLO DE MEIS) - 21/09/2022 DAVID JOSE CASTRO MOLIGAN(P3604800A-CONCELLO DE RIBADUMIA)- ALCALDE - 26/09/2022 serialNumber=S2833002E.CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/09/2022 13:52:38	Fecha: 26/09/2022 Hora: 13:52



